

**Solicitude catastral**
Rectificación dos datos catastrais

PARA CUMPRIMENTAR A SOLICITUDE

INSTRUCCIÓN XERAIS

- O impreso pódese cumprimentar a man (con maiúsculas tipo imprenta) ou electrónicamente, enchendo os campos correspondentes.
- Logo de cumprimentado, imprímao e presénteo asinado nos rexistros do Concello de Santiago, nos rexistros da Administración Xeral do Estado, das comunidades autónomas ou en calquera outra oficina de rexistro establecida nas disposicións vixentes.
- Tamén se pode remitir mediante as formas previstas no artigo 38.4 da Lei 30/1992 de 26 de novembro

INSTRUCCIÓN PARTICULARES

- Solicitante:** O solicitante, que poderá actuar por medio de representante, coincidirá con un dos titulares catastrais do inmovible.
- Representante:** Os seus datos só se cumprimentan cando se teña designado. A representación deberá acreditarse con poder bastante, mediante documento público ou privado con sinatura lexitimada notarialmente, ou por comparecencia en Recadación.
- Identificación catastral do inmovible ou inmovibles:** Os datos que hai que consignar son os relativos ao ben obxecto do recurso e pódense obter do último recibo do imposto sobre bens inmovibles IBI.
- Solicitude e documentación que se presenta:**
Marque a opción que corresponda como obxecto da solicitude.
Con respecto á documentación:
 - O **documento de identidade** presentárase **sempre**.
 - Se se actúa por medio de representante é imprescindible presentar o documento que acredite tal representación.
 - Se o documento** que acredita o erro **non indica as referencias catastrais afectadas**, cómpre presentar **certificación catastral ou copia do recibo do IBI**. Pode obter a certificación catastral electrónica a través da Oficina Virtual do Catastro (<http://ovc.catastro.meh.es>) ou nos puntos de información catastral (PIC) da Deputación (sito na rúa Fernando III o Santo nº 9) ou do Concello (rúa do presidente Salvador Allende nº4), onde tamén pode solicitar a copia do recibo do imposto sobre bens inmovibles IBI

Documentación: Os documentos presentaránse mediante copia compulsada ou con orixinal e copia para que se realice a compulsión no momento da presentación.

Soportes informáticos: A documentación gráfica pode presentarse en formato DXF, DGN, DWG ou semellante

INFORMACIÓN

PRAZO DE PRESENTACIÓN: En calquera momento, unha vez transcurrido o prazo para a presentación do recurso de reposición contra o acordo catastral polo que o inmovible queda configurado cos datos catastrais agora recorridos.

TRAMITACIÓN

- Se a declaración ou a documentación presentada teñen algún defecto, ou se non se presenta toda a documentación necesaria, concederáselle ao interesado o prazo de dez días para que subsane as deficiencias, advertíndolle que transcorrido ese prazo sen que o faga, arquivarase o expediente sen máis trámites.
- O expediente resólvese cun acordo da Xerencia Rexional do Catastro, que se lle notifica ao declarante no seu domicilio. O prazo máximo para resolver é de seis meses.

NORMATIVA REGULADORA:

Real decreto legislativo 1/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei de catastro urbanístico

Real decreto 417/2006, de 16 de abril, polo que se desenvolve o texto refundido da lei de catastro inmobiliario.

Orde EHA/3482/2006, de 19 de outubro, pola que se aproban os modelos de declaración de alteracións catastrais dos bens inmovibles. E se determina a información gráfica e alfanumérica necesaria para a tramitación de determinadas comunicacións catastrais